



**Asunto: Informe da Secretaría Xeral Técnica**

**Norma: Proxecto de Decreto relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia**

### **Feitos**

A tramitación do proxecto de decreto impulsouse de conformidade co establecido no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (Lofaxga)

Dentro da **fase inicial** (art. 41) completouse a tramitación cos seguintes trámites:

- Acordo previo do conselleiro, de data 09.05.2014
- Achega de borrador de anteprojecto de decreto, memorias xustificativa e económico-financeira, así como táboa de vixencias, de data 19.05.2014.
- Informe do Servizo Técnico Xurídico, de data 04.06.2014
- Aprobación inicial polo conselleiro de Economía e Industria, de data 05.06.2014.
- Certificado da publicación na páxina web da consellería dende o 23.06.2014 e durante un prazo de 15 días hábiles. O certificado asínase con data 15.10.2014.

Dentro da **fase intermedia** (art. 42) cumprimentáronse os seguintes trámites:

- Informe preceptivo da Secretaría Xeral de Igualdade, solicitado o 18.07.2014 e expedido o día 24.07.2014. Aténdense as recomendacións propostas no que atinxe a utilización da linguaxe non sexista.
- Informe preceptivo da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, solicitado en data 18.07.2014. Previa a emisión de citado informe a dirección xeral emite



requirimento solicitando a modificación da Memoria económico-financeira no sentido de recoller a avaliación dos servizos que presta a consellería na tramitación administrativa e na inspección derivadas do desenvolvemento de competencias en materia de seguridade industrial, así mesmo, a citada memoria deberá indicar a aplicación orzamentaria que financie os gastos xerais do capítulo II. Emítense unha nova Memoria económico-financeira con data 21.08.2014.

Coa mesma data, 21.08.2014 emítense unha segunda Memoria xustificativa que recolle a incorporación de dous novos artigos, tal e como se explica no Informe sobre modificación e alegacións presentadas do xefe do servizo de Seguridade Industrial da mesma data.

O informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emítense con data 02.09.2014, con carácter favorable.

- No trámite de audiencia realizado no procedemento de elaboración da norma deuse traslado do texto do proxecto de decreto, con data 27.06.2014 as seguintes entidades e asociacións do sector: Asociación Empresarial Gallega de Ascensores (AEGA), Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados (ASGOCA) e ao Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA).

Recíbense alegacións ao proxecto de decreto por parte do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e da Asociación Empresarial Gallega de Ascensores. No informe citado anteriormente do xefe do servizo de Seguridade Industrial de data 21.08.2014, recóllese a explicación sobre a súa aceptación ou rechazo.

Como consecuencia das novidades introducidas no texto, e recollidas na Memoria xustificativa e Informe do xefe do servizo de Seguridade Industrial do 21.08.2014, realízase un novo trámite de audiencia, ás entidades sinaladas anteriormente, para dar traslado do novo texto, así como un novo trámite de exposición pública.



Segundo certificado do director xeral de Enerxía e Minas, a publicación do novo texto na páxina web da consellería faise dende o 12.09.2014 e durante un prazo de 15 días hábiles. O certificado asínase con data 15.10.2014.

Recíbense alegacións neste trámite, novamente da Asociación Empresarial Gallega de Ascensores e unha comunicación do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia onde manifestan que non fan novas alegacións ao texto. A súa aceptación ou non explícase no informe emitido o 28.10.2014 polo subdirector xeral de Administración Industrial.

- Informe tecnolóxico e funcional conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) solicitado, en primeiro lugar, o 18.07.2014 e reincidindo na súa petición o 5.09.2014.

Emítase nova Memoria xustificativa recollendo a necesidade de introducir unha nova disposición adicional que habilita ao director xeral para desenvolver os procedementos administrativos que se establecen no proxecto de decreto.

O informe emitiuse con data 09.09.2014. O informe é, igualmente, de carácter favorable.

Dentro da **fase final** (art. 43) cumprimentáronse os seguintes trámites:

- Informe de Asesoría Xurídica Xeral, solicitado en data 28.10.2014.

Con data 11.03.2015 a Asesoría Xurídica devolve o expediente para a súa revisión por estar a punto de aprobarse o Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Mediante nota interior de 21.07.2015 remítase, de novo, o texto á Asesoría Xurídica solicitando a emisión do informe preceptivo e sinalando os cambios que se fixeron no texto.

O informe emitiuse o 26.01.2017.



Con data 14.03.2017 a Asesoría Xurídica procede a un primeiro visado do novo texto do proxecto de decreto unha vez incorporadas as observacións establecidas no seu informe e que se explican na Memoria emitida pola Subdirección Xeral de Administración Industrial, de data 07.04.2017, sobre as observacións realizadas nos informes emitidos. Con data 28.03.2017 vísase o texto final do proxecto de Decreto.

### **Consideracións legais**

1. O informe da Secretaría Xeral Técnica emítese en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lofaxga dentro da fase final do proceso de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.
2. A tramitación da norma axustouse na súa totalidade á esixida pola Lofaxga para a tramitación de disposicións administrativas de carácter xeral nos artigos 40 e seguintes.
3. A competencia da Administración Autonómica e dos concretos órganos intervintes, a adecuación á normativa vixente e o acerto e oportunidade da norma quedan xustificadas, como así consta acreditado no informe do Servizo Técnico-Xurídico.
4. As observacións realizadas nos diferentes informes referenciados nos apartados anteriores, foron asumidas e incluídas no texto da decreto ou, no seu caso, xustificadas en canto a súa non incorporación, segundo se detalla nos informes emitidos pola unidade competente ao longo da tramitación da norma e na Memoria da Subdirección Xeral de Administración Industrial, de data 07.04.2017

Comprobado que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se



### Acordo

**Informar favorablemente** este proxecto de decreto e sometelo á súa aprobación definitiva pola persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, previo traslado ao Consello Consultivo de Galicia para emisión de ditame preceptivo, tal e como se considera no informe xurídico.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017.

O secretario xeral técnico



Borja Vereza Fraiz